Opinión

GCG GRUPO CORREO GALLEGO
Edita: EDITORIAL COMPOSTELA
Preguntoiro 29 // 15704 Santiago
D. legal C-7/1958. ISSN 1579-1564
info@elcorreogallego.es
www.elcorreogallego.es

EDITOR DE HONOR: FELICIANO BARRERA
EDITOR Y PRESIDENTE: FERNANDO BARRERA
DIRECTOR: JOSÉ MANUEL REY

Director Ediciones Digitales, Santiago y Área metropolitana: Caetano Díaz.
Coordinador General: José Antonio Pérez.
Director Correo TV: Luis Pérez.
Subdirectores: Víctor Tobío y Xavier Cea.

Directora Radio Obradoiro: Olga Vilar.
Redactores Jefe: Demetrio Peláez, Natalia Rodríguez, Charo Barba y Ángel Orgaz.
Relaciones Externas: Mari Carmen Ruiz de Arcaute.
GERENTE: Ángel Remesar.
Director Comercial: Alberto T. Rey.
Subdirectora Comercial: Palmira Roo. **Coordinador-Jefe Publicidad y Marketing:** José María Tajes. **Subdirectora Financiera:** Dolores Nogueira. **Jefe coordinación A Costa Vella:** Diego Mallou, subdirector.

{ OS CARROUCHOS }

Intelixencia, ou qué?

Milagros Fernández

NESTA época vertixinosa e cambiante na que vivimos semella natural termos dinamizado capacidades como a intelixencia ou mesmo a ideoloxía. Mais a crúa realidade é contundente e exhíbese como se houbera UNHA única intelixencia estática, ligada a moldes prefixados en probas que miden resultados. Como se se nacera intelixente e non se mudara esta aptitude ao longo da vida. Como se a capacidade de ser intelixente se dera exclusivamente no caso de persoas con estudos. Un patrón absoluto e inamovible contido en preguntas de test que identifican quen son, e quen non, intelixentes. Estimacións aquelas que na escola cando nena acovardaban, mais tamén deixaban pouso de receo e malicia por algún claro desaxuste. Hai xa máis de 20 anos, o profesor de Harvard Howard Gardner (Premio Príncipe de Asturias en Ciencias Sociais 2011), falaba das "dimensións" na intelixencia, as chamadas intelixencias múltiples.

A disposición para o coñecemento non se limita só ás aptitudes lóxico-matemáticas e xeométrico-espaciais, hanse incluír tamén habilidades sociais, aptitudes lingüísticas e capacitación emotiva. Todas estas vertentes integran a complexa magnitude de competencias para a aprendizaxe e o coñecemento. As destrezas verbais, de interacción cos outros, e mesmo a desenvoltura emocional canalizan a comprensión. A frase de Atticus (en boca do portentoso Gregory Peck na versión cinematográfica) á súa filla Scout en Matar a un ruiseñor (novela impactante de Harper Lee nos anos '60) resume a consistencia das habilidades sociais: "Nunca chegarás a comprender a ninguén se non miras as cousas como el o fai". Apréndese porque se entende o que se escoita. Apréndese porque se sabe preguntar. Apréndese porque hai disposición emocional motivada e atenta. Está claro que a intelixencia desénvolvese parella aos procesos de preparación para saber estar

Os comportamentos son espellos de habilidades que se arremedan, neles cultívanse as competencias da intelixencia

no mundo (trátese ou non de instrución regrada). Aqueles casos de campesiños colombianos analfabetos, mais que falaban con claridade meridiana do que sentían e do que lles pasaba na avalancha do Nevado do Ruiz no ano 1985. A intelixencia emocional e adaptativa da nena Omayra de 13 anos, quen, atrapada na lama entre trochos e denegrida na súa agonía, falaba con sosego e valor. Todos eles confirman que o entendemento non é patrimonio nin de sabios nin de adultos.

Por máis que a intelixencia se vexa hoxe como complexo que integra competencias, certas habilidades seguen a estar moi desatendidas, hai destrezas que non se cultivan. A intelixencia social para relacionarse fluidamente cos demais, tamén a intelixencia emocional para recoñecer impresións propias e alleas son decisivas en contextos saturados de información, ruído e conflitos. A resiliencia ou capacidade de adaptación non figura entre os obxectivos de formación de ningún plan académico. O grande K. Kiéslowski na película *Azul* (1993) penetra maxistralmente nun proceso de reaxuste vital. Logo da perda familiar de filla e home, Julie reacomódase á súa maneira, prescindindo: «Agora sei que unicamente farei una cousa: nada. Non quero posesións, nin lembranzas, nin ataduras. Son trampas», di a protagonista.

Apura estarmos afeitos a xeitos emocionais que favorezan a afinidade cos outros, a empatía e o interese no distinto. Esa gran produción de Pixar, a película *Inside Out*, 2015 (titulada *Do revés* na Península e *Intensa-mente* en Latinoamérica) detalla vetas insospeitadas da intelixencia emocional. Hai un lema na nosa universidade que reza 'Ensinas máis do que cres', e que lembra verbas de Celso E. Ferreiro sobre os "bobos que todo o aprenden nos libros". Certamente, os comportamentos son espellos de habilidades que se arremedan, neles cultívanse as competencias da intelixencia social e emocional. Como diría miña nai, ao mellor non está de máis mirar un pouco como debemos proceder.

Catedrática de Lingüística na USC

{ ENFIANDO }

O prezo da desigualdade

Afonso Eiré

ESGACEMOS todos as nosas vestimentas. Cubrámonos con cinzas, coma se fose ese mércores que da entrada a Coresma católica. Cumpramos penitencia... E fagámoslle caso a eses predicadores de misións que levan anos atemorizándonos por ter vivido "por encima das nosas posibilidades". Grande pecado, aínda que non estea nos mandamentos cristiáns, condenados!

A Comisión de Asuntos Económicos e Europeos do Parlamento Europeo estima en preto dun billón de euros (con b de burros), quer dicir, uns 2.000 euros por cidadán, a cantidade que se deixa de recadar na UE debido ao fraude, a elisión e a evasión fiscal. Que non farían moitas familias con eses 2.000 euros máis investidos en políticas sociais e de benestar, que debería ser o labor dos estados?

No Estado español, entre 2007 e 2014, os ingresos polo IRPF e IVA, polos que tributamos os paganos, mantivéronse constantes, pero o que recadou polos impostos de sociedades pasou de 44.800 millóns de euros a 18.700; 26.110 millóns de euros menos, segundo a propia Axencia Tributaria.

As macrosociedades pagaron o 7,3 % sobre os beneficios. O resto das empresas un 13,8 %, cando hai sete anos a tributación era do 22,6 %... E nós pagando... (cada un que lle poña o seu número) e vivindo por encima das nosas posibilidades!

Non pensen que eses 26.000 millóns de euros que o Estado español recadou de menos foi porque esas empresas levaran unha práctica fiscal delitiva. A maioría dese descenso vén propiciado pola política económica ditada polo Goberno con exencións fiscais e bonificacións.

A dereita, no seu papel, cóntanos o conto de que se as empresas teñen máis diñeiro investirán máis en postos de traballo e, así, sairemos da (nosa) crise. Aínda que sexa a costa de reducir o consumo e cargarse as clases medias. Iso non o di o goberno do PP, pero denúnciano ben economistas, entre eles algúns premios Nobel.

O custe da corrupción elévase no Estado español a 30.000 millóns por ano. Pero, como aínda lles parece pouco, arramplan co diñeiro que poden para os paraísos fiscais, até o punto de que

A dereita, no seu papel, cóntanos o conto de que se as empresas teñen máis diñeiro investirán máis en postos de traballo

estiman que un terzo da riqueza mundial permanece á marxe do control dos gobernos neses lugares seguros que eles mesmo criaron e manteñen na legalidade.

Como estaría o mundo se tributaran por ela... Non o saben os estados? E non o van saber, se moitos dos seus dirixentes teñen contas opacas. E logo que? Díxoo Joseph Stiglitz xa hai catro anos: "as grandes corporacións e fondos de investimentos ditaron as regras ao seu antollo". Este é o prezo da desigualdade.

Fagan penitencia e agarden que van vir salvalos!

Xornalista

{ EL HUMOR DE SALAS }